

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 41

ano 7

xullo-agosto 2012


Os arquivos das institucións benéfico-asistenciais (I)

O libro de actas de 1858 da **Xunta Provincial de Beneficencia de Ourense** que protagoniza este número de *Fron da* é, xunto co de 1854, un dos dous deste tipo que se conservan no Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOu). As súas páxinas revelan con viveza o espírito que imbuía a **beneficencia pública** do século XIX e reflicten cales eran as tarefas que nesa época asumiu o **Estado liberal** en canto a esta cuestión. Unha asunción de competencias que supuxo, entre outras cousas, a encomenda da xestión da maior parte dos **establecementos de beneficencia** (hospitais, inclusas, hospicios, asilos ...) ás administracións locais (concellos e deputacións) e ás xuntas de beneficencia.

Ao respecto destas xuntas, compostas por representantes de distintas esferas da sociedade, a Lei de Beneficencia de 1849 establecera unha rede estatal integrada por unha Xunta Xeral en Madrid e por xuntas provinciais e municipais en provincias e concellos. As **xuntas provinciais de beneficencia** estaban presididas polo gobernador civil e compostas por delegados de institucións eclesiásticas (bispo e cabido catedralicio), da Deputación Provincial, dos padroados e persoal sanitario dos establecementos de beneficencia, así como por dous vogais nomeados polo goberno. Contábanse entre as súas funcións, tal como reflicten estes libros de actas, a inspección das instalacións deses establecementos, a aprobación dos seus orzamentos, a rendición de contas, a admisión de ingresos de persoas nos distintos centros, a aceptación de esmolos, a proposta de creación ou supresión de establecementos, etc. Podían contar, como en Ourense, co auxilio dunha **xunta de señoras** na que se delegaban certas funcións de supervisión dos centros.

En 1868, as xuntas provinciais de beneficencia foron suprimidas e as súas funcións encomendadas ás **deputacións provinciais**. En 1873 reapareceron unhas novas xuntas de idéntico nome pero que restrinxían o seu ámbito competencial á beneficencia particular, mentres a beneficencia pública se mantivo en mans das deputacións. Estas administraron as entidades benéfico-asistenciais de ámbito provincial, adaptándoas aos avances clínicos, económicos e sociais ata que a súa xestión foi transferida nas últimas décadas do século XX aos departamentos da Administración autonómica encargados da xestión dos servizos sociais e sanitarios.


No AHPOu, ademais do fondo da Xunta Provincial de Beneficencia, consérvanse **fondos de institucións asistenciais** fundadas durante o Antigo Réxime que no século XIX pasaron a ser tutelados polas xuntas de beneficencia e máis tarde pola Deputación Provincial ou polos concellos. Á parte destes fondos máis antigos, tamén se conservan outros procedentes de entidades creadas durante o século XIX polo Réxime Liberal na súa función de promotor da beneficencia pública.



1858. Ourense
Portada do libro de actas da Xunta Provincial de Beneficencia de Ourense correspondente ao ano 1858..
Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 318 x 420 mm.
AHPOu. Xunta Provincial de Beneficencia de Ourense, L. 6346.

Caridade cristiá, beneficencia pública e dereitos sociais

Durante séculos a **caridade** mitigou a miseria a través da prestación de socorros básicos (esmolas, asilo, asistencia na enfermidade ...) aos sectores sociais máis desfavorecidos. A práctica desta virtude cristiá entendiase como un medio para a salvación eterna, ao tempo que outorgaba prestixio social ás almas caritativas e relaxaba as tensións sociais derivadas dun desigual reparto da riqueza. Dende a Idade Media, as **institucións relixiosas** (mitras episcopais, cabidos catedralicios,



Acta da sesión do 15 de xaneiro de 1858 da Xunta Provincial de Beneficencia. AHPOu, Xunta Provincial de Beneficencia de Ourense, L. 6346.

mosteiros, conventos, confrarías, irmandades ...) e os membros dos distintos estratos do clero prodigáronse no exercicio da caridade e foron os principais promotores da fundación e mantemento de **establecementos asistenciais para pobres** (hospitais, inclusas, hospicios ...). En menor medida, outras institucións como os concellos e a Coroa, así como persoas e familias acomodadas (nobres, burgueses ...), tamén dedicaron unha parte dos seus recursos a fundar ou contribuír a manter este tipo de centros.

No século XIX o novo **Estado liberal** recolleu as ideas filantrópicas e de xustiza social maduras pola Ilustración durante o XVIII e asumiu a prestación desa asistencia básica ás capas sociais máis desfavorecidas como unha das funcións dos poderes públicos. A caridade privada cedeu parte da súa esfera de actuación á **beneficencia pública** e a Administración substituíu á Igrexa Católica no goberno ou no control de bo número das fundacións asistenciais herdadas do Antigo Réxime. O patrimonio co que contaban estas institucións para sufragarse foi intervido polos poderes públicos que, xunto aos ingresos xerados por ese patrimonio, pasaron a percibir financiamento procedente dos orzamentos

xerais, provinciais ou municipais. Como xa vimos, a administración dos centros asistenciais (hospitais, hospicios, asilos...) correspondeulle inicialmente ás **xuntas de beneficencia**, pero dende 1868 encomendóuselle esta función ás **deputacións provinciais** coa obriga de mantelos a cargo dos seus orzamentos e de inspeccionar os seus servizos.

A **Constitución de 1978** consagrou normativamente o **Estado social**, o que supuxo que aquela asistencia sociosanitaria básica coa que os poderes públicos socorrian aos máis necesitados se transformase en prestación de servizos de calidade accesibles a todos os cidadáns con independencia do seu nivel de renda, é dicir, concibidos como **dereitos sociais universais**. A Constitución e os estatutos de autonomía estableceron o marco legal no que se fixeron efectivos eses dereitos sociais, de xeito que nas décadas de 1980 e 1990 o sistema sanitario e os servizos sociais foron reorganizados e transferidos ás comunidades autónomas.

Fondos de institucións benéfico-asistenciais no AHPOu

De entre as institucións fundadas durante o **Antigo Réxime**, o fondo máis importante por volume documental e interese informativo é o do **Hospital de San Roque**, logo Hospital Provincial. Trátase da entidade que mellor ilustra o discorrer da asistencia sociosanitaria en Ourense durante os últimos 450 anos, con documentos datados entre os anos 1561 e 1968. Asociada a este centro estaba a **Inclusa** para nenos expósitos, entidade da que se conserva abundante documentación datada entre 1803 e 1986.

O fondo do **Hospital da Nosa Señora dos Anxos** de Ribadavia, con datas extremas que van de 1516 a 1880, chegou mesturado co do Concello desta vila, xa que este hospital fora de administración municipal durante varios séculos. Por último, o fondo do **Colexio das Mercedes**, fundado en 1632 como primeiro centro de instrución ourensán destinado a nenas expósitas, contén documentos datados de 1589 a 1864.

Entre os fondos das entidades de beneficencia pública creadas no século XIX polo **Réxime Liberal** consérvase o do **Hospicio Provincial de Isabel II**, creado a mediados desa centuria e herdeiro dalgunhas das funcións desempeñadas polo Colexio das Mercedes; garda papeis cuxas datas abarcan de 1835 a 1874. O **Asilo Provincial** tamén fora fundado no século XIX pero desta entidade se conserva escasa documentación datada entre 1917 e 1932.

Pola súa parte, o **Banco Agrícola de Beneficencia** de Ourense, do que se gardan catro libros datados entre 1856 e 1862, fora fundado en 1855 para facilitar préstamos a baixo xuro ao pequeno campesiñado, non só para fomentar a actividade agraria, senón tamén para libralo da usura nos momentos de crises agrarias.